

# Viaxe ata o máis fondo do Courel

► A escritora e profesora Sonia María García presenta o libro 'Un ano no Carballal', no cal recolle o día a día, os costumes e os cambios que viviu esta aldea do Courel no último século

CARLOS JULIO GONZÁLEZ


✉ ribeirasacra@elprogreso.es

O COUREL. Chegar ao Carballal, no Courel, non é tarefa doada. Hai dúas posibilidades, unha delas é a estrada que vai dende Folgoso por Vilamor e a outra, ir dende A Pobra do Brollón. Esta última vía está nun estado tan malo «que hai carteis que din 'adopta un bache'», sinala a profesora e escritora Sonia María García. Ela coñece ben os camiños que levan ao Carballal, pois nos últimos cinco anos viaxou ata alí unha chea de veces, na maioría de ocasións para pasar períodos de varios meses.

E todo para converterse nunha máis deste núcleo de só unha ducia de habitantes que hai medio século chegou a ter ata 150 residentes. Unha inmersión profunda que logo plasmou nun libro que acaba de ver a luz baixo o título 'Un ano no Carballal'. Nel hai oco para todo o relacionado con esta aldea, dende o día a día e as tradicións ata a lingua tan característica desta zona, entre outros.

Quizais sexa, precisamente, a mala conexión por estrada, sumada a que a aldea está «nunha esquiniña, lonxe de todo» e «allea ás cousas de fóra», o que fai que pareza que non pasa o tempo por ela. Foron os aspectos que levaron a Sonia María, que levaba 20 anos visitando O Courel, a interesarse pola aldea e deixar atrás A Coruña. «O cambio foi tremendo», pero non se arrepinte o máis mínimo, pois a experiencia, di, «foi maravillosa». Tanto é así que chegou a mercar unha casa no Carballal coa intención de poder restaurala.

«A xente do Courel ten fama de acolledora», apunta a escritora, «pero son reservados á hora de abrir o corazón e a confianza», así que, pouco a pouco, foi gañando a



A profesora e escritora Sonia María García, co libro. Ao fondo, a aldea do Carballal. CARLOS LÓPEZ

dos veciños do Carballal, que son os principais informadores da súa publicación. Juan Vázquez, de 85 anos, e os seus irmáns son uns deles. «Dicía que non quería morrer sen que se escribise a historia deste lugar, polo que me puxen mans á obra», explica Sonia.

Así, fóronselle abrindo as portas de todas as casas da aldea e a autora puido descubrir in situ a vida dos veciños do Carballal, un lugar onde as cousas «fanse sen preña, todo o contrario que na ci-

A autora pensa que a aldea aínda non entrou por completo no século XXI, pois considera que existen moitas carencias de base

dade, polo que enseguida captei que aquí o reloxo queda na casa».

O resultado desta inmersión é un libro que recolle as vivencias e recordos dos habitantes do núcleo, cunha media de idade duns 80 anos, dende finais do século XIX ata o día de hoxe. A iso hai que engadir unha parte de investigación que levou a cabo a autora e que permite chegar ata a Prehistoria. A vida durante todo este tempo «foi dura, pobre e nada bucólica», en contraste coa fermosura das paisaxes que rodean a aldea.

Sonia María destaca a fortaleza dos veciños, que viviron os cambios cara a un século XXI que ao Carballal aínda non chegou por completo. «Faltan servizos e todo vai a menos, existen moitas carencias de base que impiden que se asentee xente nova», láia-se.

De cara ao futuro agarda que non desapareza a aldea. «Seguramente quede baleira, pero cunha poboación itinerante. Hai moita xente que vai e vén», explica.

**ACOLLIDA.** Sonia María celebra a boa acollida que está a ter 'Un ano no Carballal'. Di que gusta moito e quen o colle xa non o deixa ata ler as 464 páxinas do libro, que inclúen 200 fotografías inéditas e a cor, algunhas actuais e outras dos arquivos persoais dos veciños.

A publicación, indica a autora, «vai destinada ao Courel, á súa xente e tamén a persoas de fóra que estean interesadas en coñecer como foi e como é a vida neste lugar». Tamén cre que pode resultar interesante aos estudosos, por toda a información que foi recolectando ao longo destes anos.

## A Deputación inviste 82.000 euros no arranxo dunha vía en Bóveda

**Bóveda**

**DELEGACIÓN**

**BÓVEDA.** A Diputación adxudicou por 82.000 euros a mellora dun tramo de case tres quilómetros da vía LU-P-0907. A infraestrutura, coñecida coma estrada de Remesar, conecta os concellos de Bóveda e Paradela.

Os traballos efectuaranse entre os puntos quilométricos 3,370 y 6,077, complementando a renovación doutros tres quilómetros desta mesma vía, na que o organismo provincial investiu a maiores 93.000 euros.

Esta nova actuación consistirá na reabertura de cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e a instalación de sinalización horizontal a través de marcas reflexivas brancas. Hai un prazo de execución estimado de nove meses.

Coas dúas intervencións quedarán mellorados os primeiros seis quilómetros da estrada por un orzamento que chega aos 200.000 euros.

## Por Chantada denuncia que o centro de saúde atópase «ao borde do colapso»

**Chantada**

**DELEGACIÓN**

**CHANTADA.** A formación municipalista Por Chantada afirmou que o centro de saúde da vila atópase «ao borde do colapso» pola falta de profesionais para desenvolver as asistenciais sanitarias.

Segundo denuncia Por Chantada, na primeira quincena deste mes, «os mércores e xoves só había dúas médicas para todo o centro», malia que a poboación «dispárase en agosto na comarca». O resto da semana, «só tres médicos».

No referente á segunda quincena, Por Chantada subliñou que só había «dous médicos e unha polas tardes que só facía tres horas, o que malamente dá para atender 30 pacientes».

A formación municipalista apuntou que só os cupos dos médicos que están de baixa «sobrepasan as 2.000 persoas, a maior parte con máis de 65 anos, polo que requiren dun seguimento e atención imposibles nestas condicións».

## O Carballal O libro recolle a fala e os costumes

Sonia María optou por respectar a fala dos veciños ao trasladala ás páxinas do libro. «Os testemuños son citados literalmente coa fala que empregan, unha mestura de galego e castelán, con influencias de falas como o asturiano», di. No tempo que pasou no Carballal descubriu palabras propias desta aldea que aparecen nun glosario no libro, como palafustrán ou papachos. O primeiro termo emprégano para designar ás persoas que non lles resultan de confianza, que consideran vagos ou con quen non poden contar. O segundo, para nomear ás casta-

ñas aínda pouco maduras que as nais mastigaban para logo darlle aos máis pequenos da casa.

### A festa do carnaval

O Entroido era uha celebración á que lle daban moita importancia. «Estaban todo o ano agardando ese momento», di Sonia, que avoga por estudar esta festa agora moi esquecida. No Carballal non había disfraces, o tradicional era cubrir o rostro con cinza.

### Facer as tolas

Era outra das tradicións da aldea e remóntase ao Neolítico. Consistía en queimar unha parcela de monte na que logo cultivaban cereal, mentres que a cinza resultante era empregada como abono. Rematou nos anos 50, polo risco de incendios forestais.



Juan Vázquez e a súa irmá, Soledad, cun exemplar do libro. CARLOS LÓPEZ